

IX CONVOCATORIA PARA AVALIAR A ACTIVIDADE DOCENTE DO PROFESORADO DA UDC (PROGRAMA DOCENTIA) PARA O CURSO ACADÉMICO 2019/20

Co Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente (DOCENTIA), a ANECA-ACSUG pretende satisfacer as demandas das universidades e a necesidade do sistema educativo de dispoñer dun modelo e duns procedementos con que garantiren a calidade do profesorado universitario e favoreceren o seu desenvolvemento e recoñecemento. Todo isto de acordo coas directrices previstas na reforma da LOU e en estreita colaboración coas axencias das comunidades autónomas, con que asinou convenios de colaboración específicos para que desenvolvan o programa no ámbito territorial da súa competencia mantendo en todo momento a coherencia ao utilizaren un modelo común.

Na convocatoria do ano 2007, a Universidade da Coruña, xunto con outras 63 universidades españolas, presentou o Programa Docentia, aprobado no Consello de Goberno da UDC nas súas sesións do 18/12/2007 e do 23/07/2008, logo de que a Comisión de Avaliación da ACSUG lle outorgase un **INFORME POSITIVO** que lle permitiu comezar coa fase de implantación do seu deseño de avaliación da actividade docente con vistas á súa certificación pola ACSUG e a ANECA.

Como consecuencia disto, desde o curso académico 2008/09 ao 2018/19 a Universidade da Coruña publicou oito convocatorias do Programa Docentia para a avaliar a actividade docente do seu profesorado. A partir destes procesos introducíronse novos cambios que levaron a aprobar unha nova edición do manual deste programa na sesión do Consello de Goberno da UDC do 06/05/2020.

REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para participar na avaliación quinquenal da actividade docente do profesorado da UDC é necesario ter impartido un mínimo de 300 horas de docencia **no período avaliado**, así como un mínimo de 30 horas de docencia **en cada un dos cursos académicos** obxecto de avaliación, en calquera dos títulos oficiais dos centros propios da UDC ou doutras universidades (neste último caso até un máximo de dous anos).

De acordo con estes requisitos poderá solicitar a avaliación o seguinte profesorado:

- O que até o momento non fora avaliado neste programa.
- O que ten avaliado na I, II, III, IV ou V convocatoria algún quinquenio comprendido entre o curso académico 2003/04 e o 2012/13 e que non solicitara, até o momento, unha nova avaliación.
- O que foi avaliado nas anteriores convocatorias e non obtivera unha avaliación positiva, sempre que cumpra co establecido no apartado 3 do *Manual para a avaliación da actividade docente do profesorado da UDC*.

INCOMPATIBILIDADES

En aplicación do que está disposto no artigo 23.2.a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o profesorado que sexa avaliador/a ao presentar a súa solicitude para ser avaliado/a entenderase que renuncia á súa condición de avaliador/a.

PERÍODO QUE SE VAI AVALIAR

Nesta convocatoria avaliarase o quinquenio docente correspondente aos cursos académicos 2013/14 a 2017/18.

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Os **obxectivos xerais** que se pretenden alcanzar no proceso de avaliación da actividade docente do profesorado da UDC son:

- Recoñecer a importancia da actividade docente do profesorado no conxunto das actividades que este realiza dentro da Universidade da Coruña.
- Situar a avaliación da actividade docente do profesorado no marco das prácticas ao uso internacionalmente recoñecidas, aliñada cos criterios de garantía de calidade dos títulos universitarios.
- Favorecer o desenvolvemento do profesorado e a súa promoción persoal e profesional, de modo que poida ofrecer un mellor servizo á sociedade.
- Apoiar individualmente o profesorado proporcionándolle evidencias contrastadas sobre a súa actividade docente e a súa posible mellora.
- Favorecer o proceso de toma de decisións relacionadas coa avaliación, que afectan a diferentes elementos na política de profesorado, como o desenvolvemento de plans de formación.
- Contribuír ao necesario cambio cultural nas universidades respecto á avaliación da actividade docente e potenciar o intercambio de experiencias entre as universidades para a mellora continua da dita actividade.
- Favorecer a cultura da calidade aliñando a actividade docente do profesorado cos obxectivos da institución.

- Cumprir cun dos criterios para a acreditación de títulos e que se recolle no deseño dos sistemas de garantía interna de calidade en cada centro.
- Outros que nun futuro puideren ser de interese para a Universidade.

CONSECUENCIAS DESTA AVALIACIÓN

A UDC, dentro da súa política de profesorado e de mellora dos títulos, declara de xeito explícito que a intención e finalidade con que desenvolve este programa recolle as seguintes consecuencias da avaliación da actividade docente:

- a) Elaborar un plan formativo para o profesorado que axude a mellorar as súas competencias profesionais. O profesorado que realizar a avaliación terá preferencia para participar no Programa de apoio ao ensino da UDC.
- b) Utilizar os datos, por parte dos centros para o proceso de seguimento e de renovación da acreditación dos seus títulos e o profesorado, pola súa vez, para os procesos de acreditación, as convocatorias de complementos autonómicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a súa consideración como mérito na concesión de axudas en convocatorias de innovación da UDC.
- c) Obter o profesorado con certificado de excelencia o recoñecemento do/a reitor/a da UDC.
- d) Valorar a avaliación positiva do Programa Docentia como mérito específico nos concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 30/04/2014.
- e) Incluír os resultados do Programa Docentia como obxectivo no Plan estratéxico 2020 da UDC e incorporar este como indicador de obrigado cumprimento nos plans estratéxicos dos centros da UDC.
- f) Incrementar a transparencia e información pública da institución mediante a difusión dos resultados da avaliación entre os distintos axentes implicados e especialmente entre o estudiantado.
- g) Deixar patente o compromiso da UDC coa calidade e mellora continua en liña cos criterios marcados pola ENQA e aceptados polas Axencias de calidade.

PRAZOS DA CONVOCATORIA E FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co disposto na Disposición Adicional 3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, de declaración do estado de alarma para a xestión da crise sanitaria provocada polo COVID-19, os prazos e termos desta convocatoria non resultan suspendidos por se tratar dunha medida indispensable para o funcionamento básico do servizo público do ensino superior.

Os prazos en que se vai desenvolver a convocatoria figuran no Anexo I.

Para participar no Programa Docencia é necesario cubrir a solicitude na aplicación informática dispoñible no enderezo web: <https://www.qdsug.es/docencia/udc> desde o **8/05/2020** até ás **23.59 h** do día **14/05/2020**.

Esta aplicación xerará o impreso de solicitude, para participar no proceso, que se debe presentar na sede electrónica da UDC, dirixido ao reitor da UDC, desde o día **8/05/2020** até as **14.00 h. do 15/05/2020**.

COMISIÓN DE SELECCIÓN

A selección do profesorado admitido a esta convocatoria será realizada pola Comisión Interna de Universidade constituída por:

Presidenta: vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Secretaria: técnica da Unidade Técnica de Calidade (que actuará con voz pero sen voto)

Vogais:

- Vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
- Directora da Unidade Técnica de Calidade
- Coordinadora da Comisión de Formación e Asesoramento
- Técnico responsable da avaliación docente no Servizo de Informática e Comunicacions
- Cinco docentes:
 - o 1 da rama de Artes e Humanidades
 - o 1 da rama de Ciencias da Saúde
 - o 1 da rama de Ciencias
 - o 1 da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas
 - o 1 da rama de Enxeñaría e Arquitectura
- Dous representantes do estudantado
- Unha representante sindical do PDI

A relación de persoas que compoñen a dita Comisión pódese atopar na páxina web da Unidade Técnica de Calidade:

http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docencia/

ACEPTACIÓN DAS SOLICITUDES

A aceptación ou o rexeitamento motivado da solicitude comunicaráselles ás persoas solicitantes, por correo electrónico, o día 21/05/2020, en que tamén se lles indicará o prazo de reclamación.

XORNADA FORMATIVA

O día 26 de maio de 2020 terá lugar a xornada formativa sobre o Programa Docentia dirixida ás persoas admitidas. A dita xornada realizarase a través da plataforma Teams e nesta informarase de todo o proceso de avaliación (incorporación e reclamación de evidencias, elaboración do autoinforme, proceso de avaliación externa etc.).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios e o procedemento de avaliación serán os que están recollidos no Programa Docentia, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na súa sesión do 06/05/2020.

INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA DOCENTIA

As persoas interesadas poden solicitar información por correo electrónico no enderezo docentia@udc.es ou nas extensións telefónicas 1052 e 1069.

O documento íntegro do Programa Docentia está publicado no enderezo web:
http://www.udc.es/utc/ferramentas_calidade/docentia

A Coruña, 06 de maio de 2020
O reitor
Julio Abalde Alonso

ANEXO I
FASES E PRAZOS EN QUE SE DESENVOLVERÁ A CONVOCATORIA

| | |
|--|---|
| Do 8 ao 14 de maio de 2020 | <p>Presentación da solicitude a través da aplicación informática e entrega desta na sede electrónica da UDC.</p> <p>NOTA: a aplicación informática pecha ás 23.59 h. do día 14/05/2020 e a solicitude pódese presentar na sede electrónica da UDC até as 14.00 h do día 15/05/2020.</p> |
| 21 de maio de 2020 | Comunicación, por correo electrónico, ás persoas solicitantes da aceptación ou do rexeitamento motivado da solicitude presentada onde se lle indicará o prazo de reclamacións. |
| 26 de maio de 2020 | Xornada formativa dirixida ao profesorado que foi admitido |
| Do 27 de maio ao 21 de xuño de 2020 | <p>As persoas admitidas incorporarán, na aplicación informática, as evidencias que figuran no anexo II xunto cos xustificantes correspondentes.</p> <p><i>Tamén terán que incorporar as do anexo III sempre que os datos correspondentes sexan doutra/s universidade/s distinta/s da UDC.</i></p> |
| Do 22 de xuño ao 6 de xullo de 2020 | A UTC incorporalles ás persoas admitidas, na aplicación informática, as evidencias que figuran no anexo III que sexan da UDC. |
| O 7 de xullo de 2020 | A CIU comunicaralles ás persoas admitidas a incorporación, na aplicación informática, das evidencias que figuran no anexo III . |
| Do 8 ao 21 de xullo de 2020 | <p>As persoas solicitantes revisan as evidencias que lles incorporou a UDC (anexo III) e presentan reclamación, en caso de desconformidade.</p> <p>O impreso de reclamacións que xera a aplicación informática ten que se remitir á presidenta da CIU a través da sede electrónica da UDC.</p> |
| O 31 de xullo de 2020 | A CIU comunicaralle a aceptación ou o rexeitamento das evidencias que reclamou. |
| Do 1 ao 14 de setembro de 2020 | As autoridades académicas cubrirán os informes de cada persoa admitida na aplicación informática. |
| Do 1 de setembro ao 12 de outubro de 2020 | A persoa solicitante cubrirá o autoinforme na aplicación informática. |
| Do 2 de novembro ao 16 de decembro de 2020 | Os comités de avaliación docente (CAD) levan a cabo o proceso de avaliación de acordo co Programa Docenteia. |
| O 29 de decembro de 2020 | <p>A Comisión Interna da Universidade enviaralle a cada profesor/a a resolución.</p> <p>En caso de desconformidade dispón do prazo dun mes para presentar unha reclamación perante a CIU, que conta a partir da data fixada no correo electrónico en que se lle remite a dita resolución.</p> |

ANEXO II

EVIDENCIAS QUE A PERSOA SOLICITANTE TEN QUE INCORPORAR NA APLICACIÓN INFORMÁTICA

- Docencia non recollida no POD da UDC (títulos oficiais de grao ou de mestrado universitario que non se imparten na UDC, títulos propios, libre elección, Universidade Senior).
- Guías docentes do último curso en que impartiu cada materia
- Participación en comisións doutras institucións relacionadas coa innovación e a organización da docencia universitaria
- Participación en actividades de coordinación docente:
 - Profesor/a responsable de titulación
 - Coordinador/a de título (grao, mestrado universitario, doutoramento)
 - Coordinador/a de curso
 - Coordinador/a de mención/especialidade
 - Coordinador/a de módulo
- Participación en programas ou proxectos internacionais de cooperación financiados en convocatorias competitivas (Eramus Mundus, IP, Acompañing measures, Tempus, Grundtving, Jean Monet, Edulink, Alfa, Cooperación con países industrializados, PCI-AECID, outros).
- Actividades desenvolvidas no ámbito das relacións internacionais:
 - Responsable de RRII do centro (en caso de non ser vicedecano/a ou subdirector/a de calidade)
 - Titores/as académicos de intercambio
 - Promotor de convenios que conducen a dobres titulacións ou títulos conxuntos (con certificado do secretario/a do centro)
- Organización e participación en:
 - Actividades de reforzo curricular: cursos cero, cursos de nivelación ou similar (con certificado do secretario/a do centro)
 - Actividades de titorización para a materia
- Materiais deseñados para o último curso académico en que impartiu cada materia
- Utilización de Moodle ou doutras plataformas durante o último curso en que impartiu cada materia
- Publicacións docentes (autoría, edición e/ou avaliación):
 - Libros

- Manuais
- Monografías
- Publicacións de ámbito xeral da disciplina con finalidade docente
- Contribucións a congresos e a xornadas de innovación docente (congresos, xornadas, ponencias, etc)
- Premios e/ou recoñecementos de innovación docente (autonómicos, nacionais e/ou internacionais)
- Estadías de formación e de mobilidade docente en institucións de educación superior estranxeiras
- Participación como alumno/a en **cursos de formación** relacionados coa docencia universitaria (do **Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións**) e en **congresos e xornadas de innovación docente** de 10 ou máis horas presencias/virtuais.
- Organización/impartición de **cursos** relacionados coa docencia universitaria (do **Centro de Linguas da UDC, do Servizo de Normalización Lingüística e/ou doutras institucións**) e en **congresos e xornadas de innovación docente** de 10 ou máis horas presencias/virtuais.

ANEXO III

EVIDENCIAS QUE A UTC VAI INCORPORAR NA APLICACIÓN (SÓ OS DATOS RELATIVOS A UDC NON AOS DOUTRA/S UNIVERSIDAD/ES)

- Docencia recollida no POD da UDC
- Participación en tribunais de traballos fin de grao, fin de mestrado ou proxectos fin de carreira e de teses de doutoramento.
- Dirección de traballos fin de grao, fin de mestrado ou proxectos fin de carreira.
- Participación en órganos colexiados da UDC e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia.
- Participación na xunta de centro e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia.
- Participación no consello de departamento e/ou comisións delegadas en que se aborden temáticas relacionadas coa innovación e a organización da docencia
- Docencia en inglés e/ou en galego (só se considera a docencia que consta no POD)
- Participación en programas de difusión/divulgación institucionais tales como: programas de difusión das titulacións, programa de recepción de alumnos de ensino medio nos centros, programa de divulgación científica da UDC e programas relacionados coa igualdade, sustentabilidade, vida saudable e atención á diversidade
- Plan de Acción Titorial (PAT)
- Número de alumnado matriculado/alumnado matriculado de 1.^a matrícula en cada materia.
- Taxa de éxito (alumnado aprobado/presentado) da materia, da titulación da universidade.
- Taxa de rendemento (alumnado aprobado/matriculado) da materia, da titulación, da universidade.
- Taxa de avaliación (alumnado presentado/matriculado) da materia, da titulación, da universidade.
- Teses de doutoramento dirixidas e que foron defendidas publicamente.
- Enquisa DA (Ítem 1, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 17,18, 19, 20, 21, 22, 23, 24).

- **Organización/impartición e/ou participación como alumno/a en cursos** de formación relacionados coa docencia universitaria (**Cursos do CUFIE**), de 10 ou máis horas presenciais/virtuais
- Participación en Proxectos de Aprendizaxe e Servizo
- Participación nos Grupos de Innovación Educativa (GIE).